



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO PROGRAMA 'NATURACIÓN'

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017

REUNIDOS

Dunha una parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a Consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomemento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

Da outra, D. Santiago Pérez Otero, con DNI 32431250P, apoderado da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre (en diante a Fundación), con CIF G-15620651, domiciliada na Ronda de Outeiro, 1-3, baixo, na Coruña, que actúa en nome e representación desta entidade a teor das facultades que lle outorgan os poderes conferidos en virtude de escritura pública autorizada polo notario da Coruña D. Francisco Manuel Ordóñez Armán, o 24 de febreiro de 2011, baixo o número 497 do seu protocolo.

EXPOÑEN

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recolle nos seus artigos 102, 104, 105 e 106 o compromiso das administracións educativas na planificación da formación permanente do profesorado e no fomento das actividades de investigación e innovación, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado.



No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción de proxectos de investigación e innovación educativa. Que, para este efecto, para poder actuar en todos os ámbitos sociais, debe colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería recolle transversalmente nos currículos das diferentes ensinanzas, a educación ambiental.

A Consellería recibiu unha achega económica da Fundación Alcoa, por importe de 47.000\$ (41.124,36 €) para a realización do proxecto de conservación e defensa do medio ambiente na provincia de Lugo, en particular na área de influencia da Mariña lucense, denominado "Naturacción". A Fundación Alcoa, o ente social do grupo alumínico Alcoa, é unha organización que se sustenta con fondos propios. Foi creada en Pittsburgh (Pennsylvania - EEUU) no ano 1959 e en España comezou as súas actividades en 1999. O seu obxectivo é a mellora da calidade de vida nas comunidades nas que Alcoa desenvolve as súas actividades. A Fundación Alcoa apoia numerosos proxectos e iniciativas con achegas substanciais, particularmente nas áreas de educación e formación de mozos/as, saúde e seguridade da familia, cidadáns con necesidades especiais e preocupación polo medio ambiente.

A Fundación é unha entidade sen ánimo de lucro, en beneficio da poboación, cultura, docencia e demais intereses xerais de Galicia, acollida aos beneficios fiscais da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, de acordo co establecido no seus estatutos, ten, entre outros, os seguintes fins:

- A promoción e o desenvolvemento de actividades de conservación e coidado do medio ambiente.



- Promover, fomentar e soste total ou parcialmente a defensa do patrimonio ecolóxico e o seu coñecemento, a través dos medios de comunicación social.

A Fundación vén desenvolvendo dende o curso 1997/98 o programa Voz Natura, que ten como obxectivo implicar a comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa terra.

O proxecto que presenta a Fundación é único, e a singularidade e características das actividades que se van desenvolver ao abeiro deste convenio na actualidade só as realiza a Fundación, polo que non resulta posible promover a concorrência pública para a súa realización.

A Consellería e a Fundación manifestan a súa vontade de asinar un convenio de colaboración durante o curso 2016/17.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e a Fundación para a posta en marcha do programa Naturacción, dirixido a todo o alumnado de educación infantil, educación primaria, educación secundaria, educación especial e formación profesional da provincia de Lugo, en particular da Mariña lucense e a súa área de influencia, promovendo o desenvolvemento de proxectos de innovación ambiental interdisciplinarios en todos os centros participantes, sobre temáticas relacionadas coa recuperación e a protección do medio ambiente.

Esta iniciativa desenvolverase de forma conxunta pola Consellería e a Fundación como un programa paralelo e complementario de Voz Natura, programa Naturacción; as actuacións que se desenvolverán descríbense na cláusula segunda.



Dende o punto de vista operativo, as partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a desenvolver un programa de innovación educativa no ámbito da educación ambiental entre o alumnado galego non universitario da provincia de Lugo, en particular da zona de influencia da comarca da Mariña luguesa.

Segunda. Desenvolvemento do programa

a) O programa baséase na execución de proxectos ambientais relacionados coa recuperación e protección do medio ambiente na provincia de Lugo, en particular na área de influencia da Mariña lucense.

b) As accións ambientais deben ser coordinadas polo profesorado dos centros da zona e levaranos a cabo o alumnado e o resto do profesorado participante, pais, nais, membros de asociacións, familiares e veciños dos centros que participan no programa.

c) Os proxectos que se desenvolverán nos centros educativos versarán sobre:

- Os traballos de recuperación das zonas degradadas.
- A limpeza dos ríos e praias.
- Reforestación de bosques que sufriron incendios forestais.
- Sensibilización e promoción do aforro enerxético e o consumo responsable.
- A reciclaxe de materiais de refugallo.
- A mellora e coidado do patrimonio etnográfico.
- A preservación da biodiversidade da costa, as praias e os sistemas fluviais.

d) Ademais da recuperación do medio ambiente, o obxectivo é chamar a atención sobre a necesidade de protección da natureza, promovendo accións exemplares e a difusión deste obxectivo ao resto da sociedade.

e) Establecerase un programa de actividades en cada centro educativo e haberá un comité científico para asistir e axudar tanto aos docentes como ao alumnado.



f) Os centros terán a posibilidade de abrir un blog para compartir a súas experiencias ambientais, as medidas adoptadas en defensa dos ecosistemas e tamén para dar a alarma sobre as agresións ambientais.

g) Durante o tempo que dure o proxecto, o comité visitará os centros dúas veces co fin de asesorar e supervisar que os proxectos se levan a cabo correctamente.

h) O comité científico avaliará os proxectos ao final de curso. Todos os centros recibirán unha última visita para comprobar o estado das súas actuacións ambientais.

Ademais, os participantes deberán presentar un informe final dos proxectos que tamén serán avaliados. A entrega dos premios aos mellores proxectos efectuarase na festa anual de Voz Natura que terá lugar no mes de xuño de 2017.

i) Ao final os resultados dos proxectos difundiranse a través dos seguintes medios de comunicación: La Voz de Galicia, RadioVoz, www.lavozdegalicia.es, V Televisión, blogs escolares e redes sociais, e <http://www.voznatura.com>, <https://www.facebook.com/voznatura>. Nesa difusión deberá recollese que estas actuacións están financiadas pola Fundación Alcoa.

Terceira. Obrigas da Fundación

Mediante a sinatura deste convenio, a Fundación comprométese a realizar e financiar as seguintes actuacións:

- Desenvolvemento integral do programa Naturacción dentro do programa Voz Natura nos centros educativos participantes na provincia de Lugo, en particular na área de influencia da comarca da Mariña luguesa.
- Desenvolvemento, resolución e entrega dos premios, na festa de fin de curso Voz Natura, aos mellores proxectos participantes en Voz Natura, incluídos os centros que participan en Naturacción.
- Difusión do programa.
- Asumir os gastos dos centros educativos non dependentes da Consellería para que poidan desenvolver os proxectos.



Cuarta. Obrigas da Consellería

- Colaborar na coordinación das accións nos diferentes centros públicos dependentes da Consellería.
- Apoiar economicamente a eses centros dependentes da Consellería para que poidan desenvolver os referidos proxectos.
- Colaborar co comité científico.

Quinta. Financiamento

O custo total das actividades a desenvolver pola Fundación en execución deste convenio ascende a un total de 34.836,36 €, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, colaborará na realización das actuacións previstas na estipulación terceira cunha achega de 27.836,36 €, cantidade na que se inclúen todos os impostos, con cargo á partida orzamentaria 10.50.423A.640.5 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.
- A Fundación colaborará cos 7.000 € restantes.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sexta. Xustificación e pagamento

As actividades obxecto deste convenio desenvolveranse desde a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2017.

Para percibir a cantidade que achega a Consellería, a Fundación entregará na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, coa data límite do 15



de xullo de 2017, a seguinte documentación xustificativa do custo total das actividades que se van desenvolver pola Fundación ao abeiro deste convenio, por importe de 34.836,36 €.

- Dúas copias dunha certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa implantación. Esta xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das que, así mesmo, se achegarán dúas copias.
- No caso de gastos de persoal, dúas copias compulsadas das nóminas así como a imputación das horas dedicadas ao proxecto.
- Dúas copias dun informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería diminuírase proporcionalmente

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) dependente da Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS).

En todo caso, a sinatura deste convenio comportará a autorización á Consellería para solicitar as certificacións que deban emitir a AEAT, a TXSS e a Atriga.



A Fundación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega

A entidade procurará utilizar o galego nas comunicacións que estableza coa Consellería e presentará a súa documentación xustificativa en lingua galega. Así mesmo, procurará que este requisito tamén se cumpra nos xustificantes e documentos emitidos por outras entidades que teñan relación co convenio.

Oitava. Rexistro de convenios

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da Fundación á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Novena. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa; tamén se fará mención ao financiamento das actividades por parte da Fundación Alcoa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio, así como do financiamento por parte da Fundación Alcoa.

Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente desde a data do seu asinamento ata o 30 de xuño de 2017, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel se recollen.



Décimo primeira. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por dous/dúas representantes da Consellería, nomeados/as polo seu titular, e dous/dúas representantes da Fundación. Esta comisión, que estará presidida por un/ha dos/as representantes da Consellería, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución.

Décimo segunda. Causas de resolución

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se denunciar o convenio, a Consellería pode, de ser o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, avaliará a realización das actividades recollidas na estipulación segunda do convenio.

Décimo quinta. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.



Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, con carácter supletorio terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan catro copias do convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O apoderado da Fundación Santiago Rey
Fernández-Latorre

Román Rodríguez González

Santiago Pérez Otero